



O Concello de Trabada, celebra por primeira vez, a Festa gastronómica da Enfariñada. Celebramos esta cita coa finalidade de dar a coñecer e atraer visitantes a degustar o prato típico de Trabada.

Un prato elaborado con fariña de trigo, ovos, auga, leite, torreznos e sal.

O evento dará comezo sobre as 12h, xa que contaremos con seis postos de artesanía e cunha demostración de cestería.

Esta demostración é ao abeiro do programa da Deputación de Lugo de promoción da artesanía.

Tampouco vai faltar a música tradicional. A través do programa musiqueando da Deputación de Lugo contaremos co grupo tradicional Son de Lugh.

A partir das 13.30h poderase degustar a enfariñada, que elaborará a Asociación de Mulleres Rurais "Marco da Pena Verde", tal e como facían as nosas avoas,

lentamente e co cariño das nosas cociñeiras de Trabada; e a bebida serviráa o Club Trabada Futsal.

Así pois, o que intentamos sempre é implicar o tecido asociativo do noso Concello, en definitiva

os nosos veciños e veciñas, en algo como é a difusión das nosas tradicións e da nosa cultura.

Finalmente, ás 16h, teremos a actuación da cantante Iria Estévez que nos presentará o seu concerto "Camiños do Fado", ao abeiro do programa Cultura no Camiño da Xunta de Galicia.